

VALORACIÓN DA INFOGRAFÍA

Fisioterapia Xeral 2, 2024-25

A parte do traballo ligado á realización dunha infografía sobre un aspecto teórico ou práctico da materia terá un valor máximo de **0,5 puntos** da cualificación final da materia (tanto no caso de avaliación continua como no caso de avaliación global).

Realizarase de xeito individual e para superar esta parte do traballo, cando menos, haberá que acadar 0,25 puntos.

Condições da infografía:

- Debe ter un deseño claro e conciso.
- Hai que apoiarse en imaxes para reforzar a información/coñecemento/aplicación etc. que queirades transmitir.
- O docente responsable da súa valoración, subirá documentación de apoio e orientación en MooVi (algúns exemplos de infografías e algúns posibles modelos, pero pode empregarse calquera outro deseño).
- Terédela que subir á tarefa infografía que estará habilitada en MooVi, **tanto** no formato na que a fagades (por exemplo, **ppt, doc...**) **como** en **pdf** (para unha visión xeral da mesma).
- Aos arquivos hainos que nomear como infografía sen til, guión baixo e nome e primeiro apelido de quen o entrega, como, por exemplo *infografia_noelia_alonso*.
- **Data de entrega:** 30 de abril de 2025.
- **Hora de entrega:** antes das 14:00 horas. A partir desa hora, o sistema non deixará subir a tarefa, polo que se considerará como no presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño. Non agardedes ata última hora, non valen excusas.

A puntuación da infografía seguirá a seguinte rúbrica:

Criterio*	Si	Parcialmente si	Non ou moi pouco
1. O tema está intimamente ligado aos contidos da materia e segue algunha das fontes de información suxeridas (bibliografía recomendada e/ou documentación de apoio en MooVi) e engade outras.			
2. Segue a normativa Vancouver para expresar as fontes de información.			
3. O contido da infografía elaborado recolle os puntos principais do tema tratado.			
4. O contido da infografía é claro, breve (síntese da información), está organizado e lese e compréndese ben.			
5. As imaxes e/ou parte gráfica da infografía son apropiadas ao tema tratado e teñen licencia CC (<i>creative commons</i>).			
6. As imaxes e/ou parte gráfica facilitan entender o contido que se trata de expor coa infografía.			
7. A infografía contén todos os elementos que se lle son proprios (título, corpo –texto, táboas, mapas, imaxes, gráficos, etc.-, fontes –referencias verificables- e créditos –nome e apelidos-) e non ten erros ortográficos.			
8. O deseño da infografía (equilibrio entre texto e parte visual e a súa distribución; organización da información lóxica e fácil de seguir; coherencia entre texto e parte visual) é axeitado e orixinal.			
9. O deseño da infografía (combinación de cores, tipografía empregada, tamaño de letra, hai resalte das palabras chave ou da información relevante, tamaño de imaxes, nitidez das imaxes, formas empregadas, etc.) é atractivo e chama a atención.			
10. A infografía ten compoñentes de interactividade .			

* Cada "si" nos criterios supón unha puntuación de 0,05 puntos, cada "parcialmente si" 0,025 puntos, e cada "non" 0 puntos.